

# XEFATURA DO ESTADO

**14186** LEI ORGÁNICA 9/2003, do 15 de xullo, pola que se modifica a Lei orgánica 4/1987, do 15 de xullo, de competencia e organización da xurisdicción militar. («BOE» 169, do 16-7-2003.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei orgánica 4/1987, do 15 de xullo, de competencia e organización da xurisdicción militar, dictada en desenvolvemento do artigo 117.5 da Constitución, demostrou durante os máis de 15 anos de vixencia e aplicación que o actual modelo xurisdiccional militar está plenamente consolidado e satisfai de modo adecuado as garantías propias dunha Administración de xustiza organizada conforme os principios do Estado de dereito, tal e como se recollen no título VI do noso texto constitucional.

Por isto, non se pretende con esta reforma ningunha revisión do sistema, que se mantén íntegro tanto na súa estrutura como nos seus principios rectores.

Agora ben, algunhas modificacións parecen hoxe necesarias para adecuar plenamente o funcionamento da xurisdicción militar a certas esixencias doutrinarias que, sobre todo por vía de interpretación xurisprudencial, se foron impondo en relación con principios esenciais da función xurisdiccional.

Así ocorre, de maneira especial, co tema do dereito a un xuíz imparcial, o desenvolvemento do cal deu lugar a unha coñecida e xa consolidada doutrina do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, feita súa polos nosos tribunais, referida, no que aquí e agora interesa de maneira singular, á denominada imparcialidade obxectiva, en aplicación do artigo 6.1 do Convenio Europeo para a Protección dos Dereitos Humanos e das Liberdades Fundamentais, do 4 de novembro de 1950.

Deixando á parte certos matices ou debates que non son do caso, a imparcialidade obxectiva dun tribunal pódese ver comprometida —segundo a dita doutrina— cando algún dos membros que o forman interveu con anterioridade adoptando algún tipo de decisión no seo do mesmo procedemento que o obrigase a entrar en contacto co material probatorio que consta naquel ou emitiu algunha valoración ou xuízo sobre os feitos investigados, susceptible de producir algún prexuízo sobre a culpabilidade do acusado. Así o apreciou o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, precisamente en procedementos seguidos ante a xurisdicción militar, en sentencias do 28 de outubro de 1998 e 25 de xullo de 2002.

Pois ben, a actual estrutura orgánica dos tribunais militares condiciona de maneira inevitable a necesidade de que polo menos un dos vocais que interviron nalgunha actuación procesual previa —recursos contra o auto de procesamento ou adopción de medidas cautelares— deba formar sala na vista oral que ten que coñecer-lo fondo do asunto.

Así pois, co fin de previ-la eventual «contaminación» e garanti-la imparcialidade ou neutralidade dos órganos xudiciais militares con carácter xeral, faise preciso modifica-la composición numérica dos tribunais militares cando se trate de celebrar xuízo oral e dictar sentenza en

procedementos por delicto e nos recursos xurisdiccionais en materia disciplinaria militar, de modo que a correspondente sala quede constituída polo auditor presidente ou quen o substitúa, un vocal togado e un vocal militar, é dicir, por tres membros en lugar dos cinco actuais, co fin de que poidan ser distintos dos compoñentes da Sala que, de se-lo caso, adoptase resolucións interlocutorias ou previas no mesmo procedemento, de acordo coa quenda que para o efecto estableza o propio tribunal.

Para isto, abonda con modificar catro artigos (39, 41, 49 e 51) desta lei orgánica, relativos á constitución da Sala de Xustiza dos tribunais militares, así como outros tres preceptos da Lei orgánica 2/1989, do 13 de abril, procesual militar, co fin de axusta-lo réxime de funcionamento daqueles á súa nova composición.

Xunto co referido obxectivo fundamental desta reforma, aprovéitase a oportunidade para acometer lixeiros retoques de carácter técnico aconsellados pola experiencia, así como para actualizar certas denominacións orgánicas.

Tamén se aborda a reincorporación á Lei orgánica de competencia e organización da xurisdicción militar, das normas sobre responsabilidade disciplinaria xudicial neste ámbito, co fin de supera-la situación actual, articulada a través dunha técnica de remisión á Lei orgánica do poder xudicial.

Finalmente, esta lei suprime unha especialidade da xurisdicción militar que non ten parangón en ningunha outra orde xurisdiccional, como é a lexitimación especial dos mandos militares superiores para interpoñer recurso de casación.

**Artigo primeiro.** *Modificacións para garanti-la imparcialidade obxectiva dos membros dos tribunais militares e actualizar outros aspectos da Lei orgánica.*

Modifícanse os artigos 23.2, 39, 41, 46.2, 49, 51, 62, 63, segundo parágrafo, 79.terceira, 119, segundo parágrafo, e 122 da Lei orgánica 4/1987, do 15 de xullo, de competencia e organización da xurisdicción militar, que quedan redactados como segue:

«Artigo 23.

2. Da instrución e axuizamento en única instancia dos procedementos por delitos e faltas non disciplinarias, que sexan competencia da xurisdicción militar, contra os xenerais de exército, almirantes xenerais e xenerais do aire, tenentes xenerais e almirantes calquera que sexa a súa situación militar, membros do Tribunal Militar Central, fiscal togado, fiscais da Sala do Militar do Tribunal Supremo e fiscal do Tribunal Militar Central.»

«Artigo 39.

A designación dos vocais militares efectuarase de acordo coas normas seguintes:

1. Ó principio de cada ano xudicial, confeccionarase unha lista por exército de xenerais de brigada e contraalmirantes, en situación de servizo activo, destinados nos órganos centrais da Defensa e nos cuarteis xerais dos exércitos. As listas, que serán remitidas por cada cuartel xeral ó Tribunal Militar Central, non se modificarán durante o ano xudicial, sen prexuízo de comunicar pola mesma vía as baixas por ascenso, cambio de situación ou destino ou calquera outra causa legal.

2. Con antelación suficiente á data da vista para xuízo oral, en presenza do auditor presidente, dando fe o secretario relator e con citación das partes que teñan que intervir nas actuacións que se celebrarán, insacularanse os nomes da lista do exército correspondente e extraeranse dous

nomes. O primeiro dos extraídos formará parte do tribunal, como vocal militar titular, e o segundo será suplente. Se no momento de levarse a cabo a insaculación algún dos sorteados fose incompatible, non estivese xa destinado nos órganos citados, ascendese, variase de situación militar ou non puidese asistir por causa xustificada, procederáse a extraer outro nome da mesma lista.

No suposto de que a vista dun procedemento se prolongue por máis dunha audiencia, formará parte do tribunal, en todas elas, o vocal extraído para a primeira.

3. A insaculación efectuarase entre os integrantes da lista do exército ó que pertenza o inculpado, e, sendo varios e de exércitos distintos, da lista do exército ó que pertenza o máis caracterizado. Se ningún dos inculpados fose militar ou, séndoo, non pertencese a un exército determinado, o vocal titular e o suplente extraeranse da lista do exército que corresponda segundo a quenda que para o efecto se estableza, de maneira que as designacións recaian cada vez nun vocal militar de cada exército. De concorre-la circunstancia prevista no último inciso do punto anterior, procederáse á nova extracción na mesma lista.

4. Se o inculpado ou inculpados pertencesen todos eles á Garda Civil, o vocal militar será xeneral de brigada da Garda Civil, que se sorteará no tempo e na forma que sinalen os números anteriores de entre tódolos xenerais dese emprego en situación de plena actividade.»

«Artigo 41.

A Sala de Xustiza do Tribunal Militar Central será constituída polo seu auditor presidente ou quen o substitúa, un vocal togado e un vocal militar, cando se trate de celebrar xuízo oral e dictar sentenza nos supostos dos puntos 1, 4 e 7 do artigo 34.

Para coñecer do resto dos asuntos da súa competencia, a Sala será constituída por tres membros, que serán designados, segundo a quenda establecida polo tribunal ó principio do ano xudicial, entre o auditor presidente e os vocais togados, con base en criterios obxectivos.»

«Artigo 46.

2. Catro vocais togados, dous con emprego de tenente coronel auditor e dous co de comandante auditor.»

«Artigo 49.

A designación dos vocais militares efectuarase de acordo coas seguintes normas:

1. Ó principio de cada ano xudicial confeccionarase unha lista por cada exército de comandantes ou capitáns de corveta con destino no territorio de cada tribunal militar territorial, que reúnan as condicións que se sinalan no punto 3 do artigo 46. As listas non se poderán variar durante o ano xudicial.

2. Con antelación suficiente á data da vista para xuízo oral, en presenza do auditor presidente, dando fe o secretario relator e con citación das partes que teñan que intervir nas actuacións que se celebrarán, insacularanse os nomes da lista do exército correspondente e extraeranse dous nomes. O primeiro dos extraídos formará parte do tribunal, como vocal militar titular, e o segundo será suplente. Se no momento de levarse a cabo a insaculación algún dos sorteados fose incompatible, non estivese xa destinado nos órganos citados, ascendese, variase de situación militar ou non pui-

dese asistir por causa xustificada, procederáse a extraer outro nome da mesma lista.

No suposto de que a vista dun procedemento se prolongue por máis dunha audiencia, formará parte do tribunal, en todas elas, o vocal extraído para a primeira.

3. A insaculación efectuarase entre os integrantes da lista do exército a que pertenza o inculpado, e, sendo varios e de exércitos distintos, da lista do exército a que pertenza o máis caracterizado. Se ningún dos inculpados fose militar ou, séndoo, non pertencese a un exército determinado, o vocal titular e o suplente extraeranse da lista do exército que corresponda segundo a quenda que para o efecto se estableza, de maneira que as designacións recaian cada vez nun vocal militar de cada exército. De concorre-la circunstancia prevista no último inciso do punto anterior, procederáse á nova extracción na mesma lista.

4. Se o inculpado ou inculpados pertencesen todos eles á Garda Civil, o vocal militar pertencerá a esta institución, e para este efecto sortearase no tempo e na forma que se determina nos puntos anteriores, entre os comandantes da Garda Civil en situación de servizo activo que se encontren destinados no territorio do tribunal militar.»

«Artigo 51.

O Tribunal Militar Territorial ou cada unha das súas seccións, se é o caso, será constituído polo seu auditor presidente ou quen o substitúa, un vocal togado e un vocal militar, cando se trate de celebrar xuízo oral e dictar sentenza nos supostos dos puntos 1, 4 e 6 do artigo 45.

Para coñecer do resto dos asuntos da súa competencia, a sala será constituída por tres membros, que serán designados, segundo a quenda establecida polo tribunal ó principio do ano xudicial, entre o auditor presidente e os vocais togados, con base en criterios obxectivos.»

«Artigo 62.

Os xulgados togados militares territoriais serán desempeñados indistintamente por comandantes auditores ou capitáns auditores.»

«Artigo 63, segundo parágrafo.

Para este fin, o ministro de Defensa ou a autoridade en quen delegue, solicitará da Sala de Goberno do Tribunal Militar Central a proposta do xulgado ou xulgados togados militares que deban asistir ás unidades desprazadas. A resolución corresponderalle ó ministro de Defensa.»

«Artigo 79.

Terceira. Cando esta substitución non for posible, o tribunal militar ou o xuíz togado militar que a precisaran porano en coñecemento do órgano xudicial militar superior para que adopte as medidas urxentes que poñan fin á situación mentres se adoptan as prevencións definitivas que procedan. Entre as medidas urxentes que se adoptarán, a Sala de Goberno do Tribunal Militar Central poderá designar, para que con carácter eventual desempeñe a función, un oficial auditor do emprego correspondente, destinado nunha unidade, centro ou organismo de carácter non xudicial da praza ou sede do tribunal ou xulgado, ou próximo a ela, comunicándollo ó xefe do destino do designado.»

«Artigo 119, segundo parágrafo.

Non poderán ser nomeados instructores nin secretarios de expedientes disciplinarios, agás o

disposto nos artigos 122 e 140 desta lei, nin de expedientes administrativos salvo no caso do artigo 107 da Lei 17/1999, do 18 de maio, de réxime do persoal das forzas armadas, cando estes expedientes se sigan contra os que exerzan un cargo xudicial, fiscal ou secretario relator nin desempeñarán funcións distintas das atribuídas expresamente por lei en garantía dalgún dereito.»

«Artigo 122.

As faltas comprendidas na Lei orgánica de réxime disciplinario das forzas armadas que, como militares e cando non actúen no exercicio das súas funcións, cometan os membros dos tribunais militares, xuíces togados militares, fiscais e secretarios relatores, serán sancionadas de acordo coa citada lei.

Nos procedementos por falta grave e nos expedientes gubernativos, o nomeamento de instructor recaerá nun oficial ou oficial xeneral do corpo xurídico militar que exerza funcións xudiciais ou fiscais, segundo corresponda.»

### **Artigo segundo.** *Responsabilidade disciplinaria xudicial.*

Os artigos 128 a 143 do capítulo II do título IX da Lei orgánica 4/1987, do 15 de xullo, de competencia e organización da xurisdicción militar, quedan redactados como segue:

#### «SECCIÓN 1.<sup>a</sup> DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 128.

Os que exerzan cargos xudiciais, fiscais ou secretarías relatorías estarán suxeitos a responsabilidade disciplinaria xudicial nos casos e coas garantías establecidas nesta lei.

Artigo 129.

A responsabilidade disciplinaria só poderá ser esixida pola autoridade competente, mediante o procedemento establecido neste capítulo.

A incoación dun procedemento penal non será obstáculo para a iniciación dun expediente disciplinario polos mesmos feitos, pero non se dictará resolución neste ata que non recaese sentenza ou auto de sobresemento firmes na causa penal. En todo caso, a declaración de feitos probados contida na resolución que pon termo ó procedemento penal vinculará á resolución que se dicte no expediente disciplinario, sen prexuízo da distinta cualificación xurídica que poidan merecer nunha e noutra vía.

Só poderá recaer sanción penal e disciplinaria sobre os mesmos feitos cando non houber identidade de fundamento xurídico e de ben xurídico protexido.

Artigo 130.

As faltas disciplinarias xudiciais cometidas polos que exercen cargos xudiciais, fiscais ou secretarías relatorías poderán ser moi graves, graves e leves.

As faltas moi graves prescribirán ós dous anos, as graves ó ano e as leves ós seis meses.

Estes prazos comezarán a contarse desde o día en que a infracción se cometese. Non obstante, no suposto previsto no punto 4 do artigo 131 o prazo de prescripción iniciarase a partir da firmeza da sentenza que declare a responsabilidade civil do interesado.

A prescripción interromperase desde a data de notificación ó presunto responsable do acordo de iniciación do expediente disciplinario ou, se é o

caso, das dilixencias informativas relacionadas coa investigación da conducta daquel, volvendo a corre-lo prazo de prescripción se o procedemento permanece paralizado durante seis meses por causa non imputable ó expedientado.

Artigo 131.

Considéranse faltas moi graves:

1. O incumprimento consciente do deber de fidelidade á Constitución establecido no artigo 5 desta lei, cando así se aprecie en sentenza firme.

2. Os enfrontamentos graves e reiterados, por causas imputables ás persoas a que se refire o artigo 128 desta lei, coas autoridades e cos mandos militares da circunscrición en que desempeñen o seu cargo.

3. A intromisión, mediante ordes ou presións de calquera tipo, na aplicación ou interpretación das leis que corresponda a calquera outro órgano xudicial.

4. As accións e omisións que deran lugar en sentenza firme a unha declaración de responsabilidade civil contraída no exercicio da función con dolo ou culpa grave.

5. O exercicio de calquera das actividades incompatibles a que se refire o primeiro parágrafo do artigo 119, primeiro parágrafo, desta lei.

6. Provoca-lo propio nomeamento para cargos xudiciais, fiscais ou de secretaría relatoría cando concorra algunha das situacións de incompatibilidade ou prohibición previstas no artigo 120 desta lei, ou manterse no desempeño do seu cargo sen poñer en coñecemento do órgano competente as circunstancias necesarias para proceder ó cesamento no destino.

7. A inobservancia do deber de abstención con consciencia de que concorre algunha das causas legalmente previstas.

8. A desatención ou o atraso inxustificado e reiterado na iniciación, tramitación ou resolución de procesos e causas ou no exercicio de calquera das competencias xudiciais, fiscais e das secretarías relatorías.

9. Faltar á verdade na solicitude de obtención de permisos, autorizacións, declaracións de compatibilidade, axudas de custo e axudas económicas.

10. A revelación de feitos ou datos coñecidos no exercicio do seu cargo ou con ocasión deste, cando se cause algún prexuízo á tramitación dun procedemento ou a calquera persoa.

11. O abuso da condición de xuíz, fiscal ou secretario relator para obter un trato favorable e inxustificado de autoridades, funcionarios ou profesionais.

12. A comisión dunha falta grave tendo sido anteriormente sancionado por outras dúas faltas graves, que adquirisen firmeza, sen que fosen canceladas ou procedese a cancelación das correspondentes anotacións, conforme o establecido no artigo 137 desta lei.

Artigo 132.

Considéranse faltas graves:

1. A falta de respecto ós superiores na orde xerárquica xudicial ou fiscal, na súa presenza ou en escrito que se lles dirixa ou con publicidade.

2. Interesarse, mediante calquera clase de recomendación, no exercicio da actividade xurisdiccional doutro órgano xudicial ou fiscal.

3. Dirixir ós poderes, ás autoridades ou ós funcionarios públicos ou corporacións oficiais parabéns ou censuras polos seus actos, invocando funcións xudiciais ou fiscais.

4. Corrixi-la aplicación e a interpretación do ordenamento xurídico feita polos inferiores na orde xurisdiccional, salvo cando actúen no exercicio da xurisdicción.

5. O exceso ou abuso de autoridade ou falta grave de consideración respecto dos subordinados, xuíces ou membros do tribunal ante os que se actúe, membros da Fiscalía Xurídico Militar, avogados, procuradores e dos que acudisen ou actúen ante os órganos xudiciais ou fiscais militares en calquera concepto, se non fosen constitutivos de delito.

6. Deixar de promover a esixencia da responsabilidade disciplinaria que proceda ós seus subordinados cando coñecesen ou deben coñecerlo incumprimento grave por aqueles dos deberes que lles corresponden.

7. Revelar feitos ou datos coñecidos no exercicio da súa función ou con ocasión deste, cando non constituía a falta moi grave do punto 10 do artigo 131.

8. A ausencia inustificada, de 24 horas a tres días, da sede do órgano xudicial ou fiscal en que se encontre destinado.

9. O incumprimento inustificado e reiterado do horario de audiencia pública e a non asistencia inustificada ós actos procesuais con audiencia pública que estivesen sinalados, cando non constituía falta moi grave.

10. O atraso inustificado na iniciación ou na tramitación dos procesos ou causas de que coñeza, se non constituía falta moi grave.

11. O incumprimento ou desatención reiterada ós requirimentos que no exercicio das súas lexítimas competencias realizasen o Consello Xeral do Poder Xudicial, a Sala de Goberno do Tribunal Militar Central e os auditores presidentes dos tribunais militares central e territoriais e, no caso dos que desempeñasen cargos fiscais, do fiscal xeral do Estado, do fiscal togado ou fiscais xefes dos tribunais militares e os seus respectivos representantes, ou a obstaculización, se é o caso e en tódolos supostos, das súas funcións inspectoras.

12. O exercicio de calquera actividade das consideradas compatibilizables a que se refire o artigo 119 desta lei sen obter, cando estea prevista, a pertinente autorización ou téndoa obtido con falta de veracidade nos presupostos alegados.

13. A abstención inustificada, cando así sexa declarada polo órgano competente de acordo co disposto na Lei orgánica procesual militar.

14. O incumprimento, polos fiscais, das ordes concretas e instrucións sobre aplicación e interpretación das leis, con carácter xeral ou referentes a un feito determinado, que lles fosen dadas polos seus superiores.

15. A comisión dunha falta leve tendo sido anteriormente sancionado por resolución firme por outras dúas faltas leves, sen que fosen canceladas ou procedese a cancelación das correspondentes anotacións, conforme o establecido no artigo 137.

Artigo 133.

Considéranse faltas leves:

1. A falta de respecto ós superiores na orde xerárquica xudicial ou fiscal cando non concorran as circunstancias que cualificarían a conducta de falta grave.

2. A desatención ou leve desconsideración con iguais ou subordinados na orde xerárquica xudicial ou fiscal, con xuíces ou membros do tribunal ante o que se actúe, membros da Fiscalía Xurídico-Militar, secretarios relatores, avogados, procuradores

e cos que acudisen ou actúen ante os órganos xudiciais ou fiscais militares en calquera concepto.

3. O incumprimento inustificado ou inmotivado dos prazos legalmente establecidos para dictar resolución ou despachar trámite en calquera clase de asunto que coñeza ou en que interveña.

4. A ausencia inustificada, por menos de vinte e catro horas, da sede do órgano xudicial ou fiscal en que se encontre destinado.

5. A desatención ós requirimentos que no exercicio das súas lexítimas competencias realizasen o Consello Xeral do Poder Xudicial, a Sala de Goberno do Tribunal Militar Central e os auditores presidentes dos tribunais militares central e territoriais e, no caso dos que desempeñen cargos fiscais, do fiscal xeral do Estado, fiscal togado ou fiscais xefes de tribunais militares ou os seus representantes.

Artigo 134.

As sancións que se poden impoñer ós que exercen cargos xudiciais, fiscais ou secretarías relatorías, polas faltas cometidas no exercicio dos seus cargos, son:

- a) Advertencia.
- b) Perda de un a vinte días de haberes.
- c) Perda de destino, que terá como efecto o cesamento no cargo que desempeñe o sancionado, quen non poderá durante dous anos ser destinado a cargos xudiciais, fiscais ou de secretaría relatoría.
- d) Suspensión ata tres anos.
- e) Separación do servizo.

As faltas leves sancionaranse con advertencia ou perda de un a cinco días de haberes; as graves con perda de seis a 20 días de haberes, e as moi graves con perda de destino, suspensión ou separación do servizo.

As sancións impostas por faltas moi graves prescribirán ós dous anos; as impostas por faltas graves ó ano, e por faltas leves ós seis meses. Os prazos de prescrición comezarán a computarse desde o día seguinte a aquel en que adquira firmeza a resolución en que se impoñan.

Artigo 135.

A sanción de perda de haberes e as impostas por faltas moi graves serán comunicadas, para os efectos da súa execución, ó Ministerio de Defensa.

Artigo 136.

As sancións disciplinarias serán anotadas no expediente persoal do interesado, con expresión da falta cometida.

O órgano que as impuxer coidará de que se cumpira o disposto no parágrafo anterior.

Artigo 137.

A anotación da sanción de advertencia quedará cancelada polo transcurso do prazo de seis meses desde que adquiriu firmeza, se durante ese tempo non dese lugar o sancionado a outro procedemento disciplinario que termine coa imposición de sanción.

A anotación das restantes sancións, con excepción da de separación, poderá cancelarse, por instancia do interesado e oído o fiscal togado, cando transcorresen polo menos un, dous ou catro anos desde a imposición firme da sanción, segundo que se trate de falta leve, grave ou moi grave, e durante este tempo non dese lugar o sancionado a novo procedemento disciplinario que termine coa imposición de sanción.

Os mesmos efectos producirá o transcurso dos prazos establecidos no parágrafo anterior e seis meses máis.

A cancelación das anotacións producirá o efecto de anula-la inscrición sen que poida certificarse dela, salvo cando o soliciten as autoridades competentes para os exclusivos efectos das clasificacións regulamentarias, de concesión de recompensas e do outorgamento daqueles destinos dos que o desempeño se considere incompatible coa natureza das conductas que determinasen as sancións de que se trata.

SECCIÓN 2.<sup>a</sup> DA COMPETENCIA E PROCEDEMENTO  
SANCIONADORES EN RELACIÓN COS QUE EXERZAN  
FUNCIONS XUDICIAIS

Artigo 138.

Serán competentes para a imposición de sancións ós que exerzan cargos xudiciais militares:

a) A Sala de Goberno do Tribunal Militar Central, para as sancións de advertencia e de perda de haberes, en toda a súa extensión.

b) A Comisión Disciplinaria do Consello Xeral do Poder Xudicial, para as sancións de perda de destino e suspensión.

c) O Pleno do Consello Xeral do Poder Xudicial, para a sanción de separación do servicio.

Non obstante, os órganos referidos anteriormente poden impoñer sancións de menor gravidade que as que teñen ordinariamente atribuídas se, ó examinar un expediente que inicialmente está atribuído á súa competencia, resulta que os feitos obxecto del merecen un inferior reproche disciplinario.

Na imposición das sancións deberá observarse a debida adecuación ou proporcionalidade entre a gravidade do feito constitutivo da infracción e a sanción aplicada.

Artigo 139.

A sanción de advertencia imporase sen máis trámite que a audiencia do interesado, logo dunha sumaria información. Contra a resolución pola que se impoña esta sanción poderá interpoñerse o recurso xurisdiccional previsto no artigo 142, polas mesmas persoas e en idénticas condicións ás establecidas no dito artigo.

As restantes sancións deberán ser impostas mediante a tramitación do procedemento establecido nos artigos seguintes.

Artigo 140.

O procedemento disciplinario iniciarase de oficio, por acordo adoptado polos órganos que teñan facultade de sancionar conforme o artigo 138, ben por propia iniciativa, como consecuencia de orde ou petición razoada de distinto órgano, ou de denuncia. Tamén se iniciará por instancia do fiscal togado.

Toda denuncia sobre o funcionamento da xurisdicción militar será obxecto, no prazo dun mes, de informe do xefe do Servizo de Inspección do Consello Xeral do Poder Xudicial, quen poderá propoñelo arquivo de plano, a formación de dilixencias informativas ou a incoación directa de procedemento disciplinario.

A resolución motivada que dicte a Sala de Goberno do Tribunal Militar Central ou a Comisión Disciplinaria do Consello Xeral do Poder Xudicial, neste caso logo do informe da sala anterior, sobre a iniciación do expediente notificaráselle ó denunciante,

que unicamente poderá impugnala na vía xurisdiccional contencioso disciplinaria.

Se se incoase expediente disciplinario notificaráselle ó denunciante as resolucións que recaian e poderá formular alegacións, pero non recorrer-la decisión do expediente en vía administrativa, contra a que unicamente poderá acudir á vía xurisdiccional citada.

Na resolución pola que se acorda a incoación do procedemento designarase como instructor un membro do corpo xurídico militar que exerza funcións xudiciais, de superior emprego ou de maior antigüidade có expedientado, salvo que o instructor designado sexa un oficial xeral do dito corpo, que será válido para calquera expedientado. Así mesmo, designarase un secretario, do mesmo corpo e nas mesmas funcións, que asistirá o instructor.

Artigo 141.

Cando aparezan indicios racionais da comisión dunha falta moi grave, a Comisión Disciplinaria do Consello Xeral do Poder Xudicial, por propia iniciativa, oído o instructor do expediente ou por proposta deste, logo de audiencia do expedientado, do fiscal xurídico-militar e da Sala de Goberno do Tribunal Militar Central, poderá acordar cautelarmente a suspensión provisional do expedientado, por un período máximo de seis meses.

Artigo 142.

O instructor practicará cantas actuacións sexan necesarias para a determinación e comprobación dos feitos e das responsabilidades susceptibles de sanción, con intervención do fiscal xurídico-militar e do expedientado, que poderá contar en todo momento co asesoramento do avogado que designe.

Practicadas aquelas actuacións, o instructor formulará o correspondente prego de cargos, se isto procedese, no que se farán consta-los feitos que lle serven de fundamento, con expresión da falta presuntamente cometida e as sancións que puideran serlle de aplicación.

O prego de cargos notificaráselle ó interesado para que, no prazo de oito días, poida contestalo e propoñe-la proba que estime conveniente para a súa defensa, a pertinencia da cal será apreciada polo instructor mediante acordo motivado e notificado ó expedientado.

Contestado o prego de cargos ou transcorrido o prazo para iso, e practicadas, se é o caso, as probas propostas polo interesado e admitidas polo instructor, formulará este, logo de audiencia do fiscal xurídico militar, proposta motivada e fundada de resolución, na que fixarán con precisión os feitos, realizará a súa valoración xurídica deles e indicará a sanción que ó seu xuízo considere procedente.

Esta proposta de resolución notificaráselle ó expedientado, dándolle vista do procedemento para que, no prazo de oito días, formule as alegacións que estime convenientes ó seu dereito.

Formuladas as alegacións, ou transcorrido o prazo para iso, remitirase o expediente, con carácter inmediato, ó órgano que ordenase a súa incoación para a resolución que proceda. De carecer este órgano de competencia necesaria para a imposición da sanción que considere procedente, elevará o procedemento, coa súa proposta, ó que resulte competente.

Cando se trate de faltas moi graves, deberá solicitarse informe da Sala de Goberno do Tribunal Militar Central unha vez evacuado ou rematado o trámite de alegacións á proposta de resolución.

Poderán os órganos competentes devolve-lo expediente ó seu instructor para que comprenda

outros feitos no prego de cargos, complete a instrucción ou someta ó expedientado unha proposta de resolución que inclúa unha cualificación xurídica de maior gravidade.

A duración do procedemento non poderá exceder de seis meses. Non obstante, cando por razóns excepcionais se prolongase por maior prazo, o instructor deberá dar conta, cada 10 días, do estado de tramitación e das circunstancias que impiden a súa conclusión ó órgano que dese a orde de proceder.

A resolución que poña termo ó expediente disciplinario será motivada e nela non se poderán recoller outros feitos distintos dos que serviron de base á proposta de resolución, sen prexuízo da súa distinta valoración xurídica sempre que non sexa de maior gravidade.

A resolución recaída no procedemento deberá ser notificada ó expedientado e ó fiscal xurídico-militar, que poderán interpor contra ela recurso contencioso disciplinario militar, no prazo de dous meses, ante a Sala Quinta do Militar do Tribunal Supremo.

Así mesmo, a resolución dictada no procedemento notificaráselle ó denunciante, se o houber, quen poderá recorrer, se é o caso, ante a sala prevista no parágrafo anterior.

A resolución sancionadora será executiva aínda cando se interpuxese o recurso xurisdiccional previsto nos parágrafos anteriores, agás que aquela sala acorde a súa suspensión.

SECCIÓN 3.<sup>a</sup> DA COMPETENCIA E DO PROCEDIMENTO  
SANCIONADORES EN RELACIÓN COS MEMBROS  
DA FISCALÍA XURÍDICO-MILITAR

Artigo 143.

Serán competentes para a imposición de sancións:

1.<sup>o</sup> Para impo-la de advertencia, o fiscal xefe respectivo e, en todo caso, o fiscal togado.

2.<sup>o</sup> Para impo-la de perda de haberes, en toda a súa extensión, e a de perda de destino, o fiscal xeral do Estado e, pola súa delegación, o fiscal togado.

3.<sup>o</sup> Para impo-las de suspensión e separación do servizo, o ministro de Defensa, por proposta do fiscal xeral do Estado.»

**Artigo terceiro.** *Facultades dos mandos militares e outras autoridades.*

1. Engádesse, no artigo 92 da Lei orgánica 4/1987, do 15 de xullo, de competencia e organización da xurisdicción militar, un novo parágrafo terceiro, do seguinte teor:

«As autoridades do Ministerio de Defensa que se designen por real decreto poderán solicitar dos distintos órganos da Fiscalía Xurídico-Militar as actuacións que poidan proceder en defensa do interese público no ámbito militar.»

2. Quedan sen contido o título VI da dita lei e os artigos 111 a 114 comprendidos nel.

**Disposición adicional primeira.** *Adaptación de denominacións e referencias.*

1. A expresión «dos corpos xurídicos dos exércitos» que figura nos artigos 24, 27, 28, 54, 65, 77, 79, 90, 95, 101, 119, 160 e 166 da Lei orgánica 4/1987, do 15 de xullo, será substituída pola de «do corpo xurídico militar».

2. A expresión «conselleiros ou ministros togados» dos artigos 27, 36 e 96 da mesma lei orgánica será substituída pola de «xenerais conselleiros togados».

3. As expresións de «ás armas no Exército de Terra» e «á arma de aviación no Exército do Aire», que figuran nos artigos 36 e 46 da mesma lei orgánica, serán substituídas polas de «ó corpo xeral das armas no Exército de Terra» e «ó corpo xeral no Exército do Aire», respectivamente.

4. A referencia ó artigo 19 da Lei orgánica de réxime disciplinario das forzas armadas que se contén no artigo 115 da Lei orgánica 4/1987, do 15 de xullo, entenderase feita ó artigo 27 daquela.

**Disposición adicional segunda.** *Modificación da Lei orgánica 2/1989, do 13 de abril, procesual militar.*

1. Modifícanse os artigos 47, 82, parágrafo segundo, 92, 97, 252, e 339, parágrafo segundo, da Lei orgánica 2/1989, do 13 de abril, procesual militar, que quedan redactados como segue:

«Artigo 47.

Cando o relator non se conformara co voto da maioría, declinará a redacción da resolución, debendo formular motivadamente o seu voto particular. Neste caso, asumirá a redacción o auditor presidente ou o vocal togado, segundo corresponda, procedéndose á oportuna rectificación na quenda de relatorios para establece-la igualdade neste.»

«Artigo 82, parágrafo segundo.

Os autos dos tribunais serán deliberados e votados polo auditor presidente, ou quen o substitúa, e polos vocais togados e serán dictados por maioría, iniciando a votación o relator e terminando o presidente. En todo caso, os autos serán motivados e conterán en parágrafos separados e numerados os feitos, razoamentos xurídicos e parte expositiva.»

«Artigo 92.

A sentenza dictarase por maioría de votos e cando esta maioría non resultara sobre calquera dos pronunciamentos de feito e de dereito que se deban facer, volveranse discutir e votar os puntos en que se disentise. Se non se obtivese tampouco acordo, someteranse a deliberación os dous votos que sendo distintos foran máis favorables ó acusado.»

«Artigo 97.

As sentencias definitivas e os autos notificaránselles a tódolos que sexan parte e ós seus representantes, se os tivesen, o mesmo día do seu asinamento ou ó seguinte.»

«Artigo 252.

Os autos nos que se acorde o sobresemento do procedemento notificaránselles ás partes dentro do prazo dos cinco días seguintes ó da data na que se dictasen.»

«Artigo 339, parágrafo segundo.

A sentenza firme tamén se notificará ás demais partes.»

2. Quedan sen contido os artigos 327 e 433, parágrafo primeiro, letra d), da Lei orgánica 2/1989, do 13 de abril, procesual militar.

**Disposición transitoria única.** *Mantemento do emprego militar en cargos xudiciais.*

Os que no momento da entrada en vigor desta lei ocupen cargos xudiciais conferidos de acordo coa normativa anterior, continuarán exercéndoos conforme ela, con emprego militar igual ou distinto ó aquí establecido, ata que cesen no cargo respectivo por algunha das causas legais.

**Disposición derogatoria única.** *Derrogación normativa.*

Queda derogada a disposición adicional primeira da Lei orgánica 16/1994, do 8 de novembro, pola que se reforma a Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, así como cantas normas de igual ou inferior rango se opoñan ó establecido nesta lei orgánica.

**Disposición derradeira primeira.** *Acceso ós arquivos e rexistros.*

O Goberno aprobará as normas que sexan necesarias para garantirles ós interesados o acceso ós libros, ós arquivos e ós rexistros da xurisdicción militar que non teñan carácter reservado, nin se encontren clasificados. Para tal efecto, detallaranse as condicións e criterios obxectivos esixibles para acreditar a condición de interesado.

**Disposición derradeira segunda.** *Entrada en vigor.*

Esta lei orgánica entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 15 de xullo de 2003.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

**14187** *LEI ORGÁNICA 10/2003, do 15 de xullo, que, co carácter de complementaria da Lei 25/2003, do 15 de xullo, pola que se aproba a modificación do Convenio Económico entre o Estado e a Comunidade Foral de Navarra, modifica a disposición derradeira primeira da Lei orgánica 5/2001, do 13 de decembro, complementaria da Lei xeral de estabilidade orzamentaria. («BOE» 169, do 16-7-2003.)*

JUAN CARLOS I  
REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Na Lei orgánica 5/2001, do 13 de decembro, complementaria á Lei xeral de estabilidade orzamentaria, regúlase a aplicación ás comunidades autónomas dos principios fundamentais en relación coa estabilidade orzamentaria para, dunha parte, asegura-lo cumprimento do obxectivo de estabilidade no sector de comunidades autónomas e, doutra parte, establece-los mecanismos que garantan a cooperación efectiva entre o Estado e aquelas nesta materia.

Para o caso concreto da Comunidade Foral de Navarra, a citada Lei orgánica 5/2001 preveu no punto 1 da súa disposición derradeira primeira que a súa aplicación se levará a cabo, conforme o establecido no artigo 64 da Lei orgánica de reintegración e amelloramento do réxime foral de Navarra, mediante unha disposición de rango legal.

Na alínea l) do punto 2 do artigo 67 do Convenio Económico entre o Estado e a Comunidade Foral de Navarra anexo á Lei 25/2003, pola que se aproba a modificación do Convenio Económico entre o Estado e a Comunidade Foral de Navarra, recóllese como unha competencia da Comisión Coordinadora a de acordar-los compromisos de colaboración e coordinación en materia de estabilidade orzamentaria.

Polo tanto, e dado que na citada lei se concretou a aplicación a Navarra da normativa de estabilidade orzamentaria, procede dar unha nova redacción ó mencionado punto 1 da disposición derradeira primeira da Lei 5/2001, como así se acordou coa Comunidade Foral de Navarra na Comisión Negociadora do Convenio Económico en sesión celebrada o 22 de xaneiro de 2003.

**Artigo único.**

Dáselle unha nova redacción ó punto 1 da disposición derradeira primeira da Lei orgánica 5/2001, do 13 de decembro, complementaria da Lei xeral de estabilidade orzamentaria, que quedará redactado como segue:

«En virtude do seu réxime foral, a aplicación á Comunidade Foral de Navarra do disposto nesta lei levarase a cabo, segundo o establecido no artigo 64 da Lei orgánica 13/1982, do 10 de agosto, de reintegración e amelloramento do réxime foral de Navarra, conforme o disposto no artigo 67.2.l) do Convenio Económico entre o Estado e a Comunidade Foral de Navarra, aprobado pola Lei 28/1990, do 26 de decembro.»

**Disposición derradeira única.**

Esta lei orgánica entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», se ben producirá efectos desde o 1 de xaneiro de 2003.

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 15 de xullo de 2003.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ